

PROGRAMA A CORUÑA E O CONSUMO DA OMIC

4. Compras seguras

1. A seguridade dos produtos: material escolar

Obxectivos: Coñecer o material escolar, as súas características e cales son os adecuados para traballar. Identificar o material adquirindo hábitos e precaucións no uso de material escolar, para evitar danos tanto por toxicidade como por posibles danos de elementos mecánicos. Coñecer a etiquetaxe do material escolar e a información obrigatoria.

Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.

2. A seguridade no fogar

Obxectivos: Adquirir coñecementos sobre os perigos que se poden producir no ámbito doméstico, onde se produce o maior número de accidentes. Analizar os riscos da cociña e o baño como os lugares máis perigosos e de maior risco e as lesións máis habituais que se producen como traumatismos leves (golpes, caídas, cortes...), intoxicacións, queimaduras e afogamentos. Coñecer a información debe figurar nas etiquetas, fichas e pictogramas de seguridade dos produtos de limpeza para coñecer o produto e a súa utilización.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, adultos.